

# POLA RECUPERACIÓN DOS NOSOS

# dereitos

NON PAGAR POR ENFERMAR  
SUBIDA DOS SALARIOS  
DEMOCRACIA NOS CENTROS  
EMPREGO CON ESTABILIDADE  
ENSINO EN GALEGO  
MENOS BUROCRACIA  
DESTINOS DEFINITIVOS  
REGULACIÓN DAS AFINC  
DIXADA DE RATIO  
REDUCCIÓN DE XORNADA



## MEDIDAS URXENTES PARA A RECUPERACIÓN DE DEREITOS DO PROFESORADO GALEGO

A ninguén se lle escapa que durante os últimos anos o profesorado galego foi gravemente afectado polos efectos dos recortes aplicados tanto polo goberno do Estado como pola Xunta de Galiza. Xa no seu momento denunciámos desde a CIG-Ensino que a crise económica estaba a ser usada para tirar abaixo conquistas laborais que fomos acadando. O tempo deunos a razón.

Durante estes anos a CIG-Ensino defendeu que os recortes tiñan que cesar e que a Consellaría de Educación tiña que asumir un cambio radical nas súas políticas educativas e de persoal. Promovemos unha ILP que foi debatida no ano 2014 no Parlamento Galego, apoiada por todos os grupos parlamentares da oposición, mais rexeitada pola maioría absoluta do PP.

Un ano despois volvemos á carga e, de novo cun respaldo maioritario do profesorado, puxemos o centro de atención na dignificación do traballo docente. Como aconteceu coa ILP, a negativa do PP impediu que se puidesen producir melloras nas nosas condicións laborais e, por tanto, na calidade educativa dos centros docentes. En ambas ocasións a principal escusa do goberno galego foi a situación de incerteza económica, ben por estar aínda inmersos na crise económica ou ben por estar nunha fase de leve recuperación.

Na CIG-Ensino somos conscientes que nin a crise xustificaba a perda dos nosos dereitos retributivos e laborais, nin as fases de recuperación son tampouco elementos determinantes. Entre outras cousas, porque esa recuperación das cifras macroeconómicas estanse facendo de costas ás maiorías sociais, entre as que se encontra o profesorado. Iso non é óbice para que, nun momento no que supostamente estamos nunha fase expansiva da economía, ou iso é o que día tras día afirma a Xunta, non haxa consecuencias directas desa mellora nas condicións nas que temos que desenvolver o noso traballo.

Son moitas as demandas que o profesorado ten que facer a un goberno que desde hai 8 anos nos ten absolutamente abandonados. Estamos, a principios deste ano 2018, nun momento no que xa non existe máis marxe para as escusas. O profesorado que desde 2010 vén sufrindo reiteradamente unha merma retributiva sen precedentes e un empeoramento brutal das súas condicións de traballo, pide de novo a palabra. E faino dirixíndose á Consellaría de Educación para demandar un cambio de rumbo nas súas relacións co profesorado galego.

**O profesorado galego precisa unha negociación global que remate nun Estatuto Galego da Función Pública Docente, cunha proposta ambiciosa que dea lugar a que os nosos dereitos e as condicións nas que debemos desempeñar a nosa tarefa como educadoras e educadores xurda dunha auténtica negociación e garanta o exercicio da nosa profesión e da defensa do ensino público.**

